

Área de Igualdade da Deputación Provincial

“8M, Mes a Mes”

Para dar comezo a este 2026 e dar continuidade co programa “8M, Mes a Mes”, dende a Área de Igualdade da Deputación de Ourense queremos render homenaxe a unha profesión que sempre estivo moi presente e que, con frecuencia, quedou invisibilizada a pesar do seu enorme valor social: a profesión de **costureira**. Para facer referencia a ela, seleccionouse o lema: **“Puntada a puntada, cosendo igualdade”**

Gustaríanos recoñecer o seu esforzo, a súa creatividade e a súa capacidade de adaptación nun oficio que evolucionou co tempo sen perder a súa esencia. Celebramos ás mulleres que coseron para vivir, ás que aprenderon por necesidade, ás que fixeron da agulla unha ferramenta de liberdade e ás que, hoxe, continúan reivindicando o valor do traballo artesanal fronte á produción masiva lembrándonos que a creación feita a man non só preserva tradicións, senón que tamén contribúe a un modelo máis sostible e respectuoso co medio ambiente. Para personificar este profesión seleccionamos a Julia Feijoo Casal, de Celanova.

Julia Feijoo, actualmente xubilada, é orixinaria de A Bola, aínda que foi na vila de Celanova onde aprendeu a coser aos catorce anos e desenvolveu boa parte da súa traxectoria profesional, tras o seu traslado a este municipio. Ao coser tan ben e gustarlle tanto a profesión, interesouse tamén polo patronaxe, no cal se formou anos máis tarde na cidade de Ourense. Co tempo abriu o seu propio taller de costura e non daba abasto ca cantidade de clientas que tiña, realizaba dende calcetíns de diario ata vestidos de noiva, traxes de comuñión, de bautizo, e de moitas e moitas madriñas da contorna. Lembra con orgullo e cariño os seus días de traballo e recorda con certo humor a présa con que chegaban as clientas ao taller. Ela mesma nos asegura que para poder realizar unha peza de calidade e moi importante o tempo, xa que, cobra moita relevancia o facelo a medida e non seguindo patróns. De aí que Julia destaque que na actualidade, co prezo das materias primas e o tempo que implica a elaboración dun traxe a medida, sexan moi custosos.

Un dos puntos aos Julia fai hincapé é a falta de tendas de teas na actualidade, xa que, lembra con orgullo a gran variedade de las que había nas vilas, así como, era coñecida nelas pola elaboración dos seus traxes.

Hoxe, ao escoitar a Julia falar do seu oficio, comprendemos que a costura é moito máis ca un traballo: é unha maneira de estar no mundo. Nos seus ollos aínda brilla o orgullo de quen dedicou a vida a crear beleza coas mans, e na súa voz percíbese esa tenrura que só nace de facer as cousas con cariño, con tempo e con verdade.

Julia representa a tantas mulleres que, coma ela, fixeron da agulla unha compañeira fiel. Mulleres que aprenderon a medir sen regras, a intuír sen máquinas, a transformar un anaco de tea nun recordo que dura toda unha vida. Mulleres que cosían para outros e remataban tecendo comunidade, identidade e memoria.



Imagen: Julia Feijoo lucindo un dos traxes confeccionados por ela mesma

#igualOU